

As grandes viaxes comezan cun primeiro paso. Dende a Fundación Universidade da Coruña (FUAC) temos o compromiso de abrir a porta das empresas á mocidade que está desexando comezar a súa carreira profesional. Se estás buscando o xeito de comezar a túa propia aventura no mundo laboral, a FUAC pódete axudar co primeiro impulso. Anímate a descubrir os nosos Programas de Prácticas!

## PROGRAMAS DE PRÁCTICAS FUAC

A **Fundación Universidade da Coruña** (FUAC) é unha organización privada non lucrativa, que impulsa cursos, mestrados, prácticas en empresas, autoemprego e outros proxectos de carácter benéfico-docente, para a promoción, desenvolvemento e financiamento das actividades propias da Universidade da Coruña e as súas relacións coa sociedade.

### Fundación Universidade da Coruña

Paseo de Ronda 47, 2º Andar  
15011 A Coruña

Tlf. 981 167 000  
(ext. 4362, 1006, 2367 ou 4394)

email: [fundacion@udc.es](mailto:fundacion@udc.es)

[www.fundacion.udc.es](http://www.fundacion.udc.es)



DESTINO  
PRÁCTICAS  
FUAC



1

## GUIÁMOSCHE COA NOSA EXPERIENCIA

A motivación da mocidade por comezar unha carreira profesional e a busca de talento das empresas son dous retos complementarios. Na Fundación Universidade da Coruña (FUAC) traballamos para conectar esas dúas realidades e acompañarche durante todo o proceso. É un dos obxectivos que asumimos dende a nosa Fundación en 1997 e o motivo polo que os nosos Programas de Prácticas se converteron en toda unha referencia en Galicia na xestión de recursos humanos.

*Déixate guiar pola nosa experiencia!*



2

## ELIXE O TEU PROGRAMA DE PRÁCTICAS

ES

### ESTUDANTES UNIVERSITARIOS

- Duración entre 320 e 750 horas por curso.
- Mínimo 300 €/mes (4 horas) e mínimo 400 €/mes (6 horas).
- Dirixido a estudantes matriculados nalgunha Universidade española, que superasen o 50% dos créditos, e a alumnos de Doutoramento, Mestrado ou Posgrao.

TI

### TITULADOS UNIVERSITARIOS

- Duración entre 3 e 12 meses.
- Mínimo 360 €/mes (4 horas) e mínimo 600 €/mes (8 horas).
- Dirixido a titulados universitarios e de Mestrado ou Posgrao, que conseguiran o seu título nalgunha Universidade española nos últimos 3 anos.

FP

### FORMACION PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS

- Duración entre 3 e 12 meses.
- Mínimo 300 €/mes (4 horas) e mínimo de 500 €/mes (8 horas).
- Dirixido a candidatos que conseguiran a súa titulación nos últimos 3 anos.

3

## INFÓRMATE

### Condicións\*

Os interesados deben cumprir algún destes requisitos:

- Ser galego ou fillo de emigrantes galegos.
- Ser residente en Galicia.
- Estar estudando ou ter obtido o título nalgunha institución académica galega.

Os candidatos deberán completar o seu rexistro como candidatos na plataforma

[www.fundacion.udc.es/emplea](http://www.fundacion.udc.es/emplea)

### Busca activa

Os interesados teñen a posibilidade de buscar unha empresa para facer as prácticas. A FUAC facilitaralle o apoio que necesiten para formalizar un convenio.

(\*) Consulta as condicións completas de cada un dos Programas de Prácticas na páxina web da Fundación Universidade da Coruña.